



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2016

Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Concelleiras e concelleiros ausentes:

Don Francisco García Díos.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día quince de decembro de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 1 DE DECEMBRO DE 2016.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o un de decembro de dous mil dezaseis por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, PUNTO LIMPO E LIMPEZA DO MERCADO DOMINICAL DO CONCELLO DE PADRÓN. EXPTE. 02/2016-XSP-PA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 5 de decembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Providencia do señor Alcalde do 15 de febreiro do 2016 solicítase informe da secretaria municipal sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para rexer a contratación do servizo público municipal de recollida e transporte dos residuos sólidos urbanos, do punto

limpo e da limpeza do mercado dominical, na modalidade de concesión e por procedemento aberto, asinados o 19 de outubro do 2015 polo Concelleiro delegado.

Segundo. O 3 de marzo do 2016 emítese o informe solicitado no que se conclúe que hai que revisar as propostas de pregos para adaptalos á normativa vixente, que a proposta debe remitirse á Deputación Provincial para os efectos do establecido no artigo 26.2 da LBRL, que hai que revisar os anexos do prego de prescricións técnicas para adaptalos aos datos actuais e que se debe incorporar ao expediente o acordo de incoación, a xustificación dos criterios de selección e procedemento de licitación escollido e o certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente. Asemade ese mesmo día asínase o prego de cláusulas administrativas particulares adaptado.

Terceiro. Por Providencia do señor Alcalde do 4 de marzo do 2016 incóase o expediente administrativo de contratación do servizo número 02/2016-XSP-PA, o 10 de marzo asínase o novo prego de prescricións técnicas tamén adaptado á normativa vixente, o 14 emítese o certificado de existencia de crédito e o 16 rexístrase de saída a solicitude dirixida ao señor Presidente da Deputación Provincial da Coruña para que formule, de ser o caso, proposta alternativa de prestación do servizo.

Cuarto. O 14 de abril ten entrada no rexistro municipal o informe emitido polo servizo de orzamentos, estudos e asistencia económica da Deputación no que se conclúe que a Deputación non ten a organización axeitada para optar por prestar o servizo directamente polo que tampouco é necesario a emisión de informe por parte da Comunidade Autónoma nin por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Quinto. Tras varios requerimentos de documentación á empresa que actualmente presta o servizo, o 14 de novembro actualízanse os anexos do prego de prescricións técnicas e incorpóranse a este.

Sexto. O 24 de novembro do 2016 emítese novo informe da secretaria municipal e o 30 o do interventor accidental.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), recolle como un servizo de obrigada prestación en calquera Municipio, con independencia da súa poboación, a recollida de residuos e a limpeza viaria.

Segundo. O artigo 275 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), prevé que a Administración poderá xestionar indirectamente, mediante contrato, os servizos da súa competencia, sempre que sexan susceptibles de explotación por particulares, agás aqueles que impliquen o exercizo da autoridade inherente aos poderes públicos.

Ao que engade o 277 do mesmo texto refundido que a contratación da xestión dos servizos públicos poderá adoptar, entre outras, a modalidade de concesión, na cal o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.

Terceiro. De acordo ao establecido nos artigos 109 e 132 do TRLCSP, constan no expediente de contratación:

- Acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente.
- A proposta de prego de cláusulas administrativas particulares, asinada o 3 de marzo do 2016.
- A proposta de prego de prescricións técnicas particulares, asinado o 10 de marzo do 2016.
- Os informes de secretaria.
- O informe de fiscalización da intervención municipal.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Cuarto. O artigo 110 do TRLCSP establece que *"completado o expediente de contratación, o órgano de contratación ditará unha resolución motivada en que aprobe este e dispoña a apertura do procedemento de adxudicación"* e que esta resolución *"implicará tamén a aprobación do gasto"*.

Quinto. Considerando o establecido na DA 2ª do TRLCSP e que a proposta supera o 10% dos recursos ordinarios, a competencia para aprobar o expediente de contratación sería do Pleno da Corporación Municipal. Non obstante, o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, delega na Xunta de Goberno Local esta competencia, polo que

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación número 02/2016-XSP-PA tramitado para a adxudicación do contrato de xestión do servizo público de recollida e transporte dos residuos sólidos urbanos, punto limpo e limpeza do mercado dominical do Concello de Padrón, na modalidade de concesión, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria.

Segundo. Autorizar o gasto por un importe total de,

- a) importe sen IVE: novecentos nove mil cincocentos trinta euros con noventa e tres céntimos (909.530,93 €).
- b) IVE (10%): noventa mil novecentos cincuenta e tres euros con nove céntimos (90.953,09 €).
- c) importe con IVE: un millón catrocentos oitenta e catro euros con dous céntimos (1.000.484,02 €).

Terceiro. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas particulares que rexerán o contrato de acordo ás proposta asinadas o 3 de marzo do 2016 e o 10 de marzo de 2016, respectivamente, polo Concelleiro delegado de servizos públicos básicos.

Cuarto. Ordenar a apertura do procedemento de licitación, o que se fará público mediante a publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.concellodepadron.es ou www.contratosdegalicia.es) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña para os efectos de que as ou os licitadores interesados poidan presentar as súas ofertas de acordo ao disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, no prazo máximo de trinta (30) días naturais contados desde a publicación do segundo dos anuncios referenciados.

Quinto. Contra o presente acordo poderase interpoñer:

- a) Potestativamente o recurso de reposición, no prazo dun mes contado desde o día de publicación do anuncio no BOP ou no perfil do contratante do Concello de Padrón, ante o Pleno da Corporación Municipal.
- b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de publicación do anuncio no BOP ou no perfil do contratante do Concello de Padrón.
- c) O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Sexto. Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros

presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 5 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

3.- APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DE REHABILITACIÓN DE VIVENDAS CORRESPONDENTES Ó ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 27 DE OUTUBRO DE 2015, RELATIVA Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO URBANO HISTÓRICO DE PADRÓN.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de decembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 30 de decembro de 2015, publícase no BOP número 249 a apertura da convocatoria pública de subvencións á rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do Casco Urbano Histórico de Padrón (ARRU), e aprobación das súas bases reguladoras. O prazo de presentación de solicitudes é dun mes desde o día seguinte á publicación destas bases no BOP.

Segundo. En data 4 de abril de 2016, remítense requerimentos de documentación para emendar as deficiencias detectadas na documentación presentadas nas solicitudes.

Terceiro. En data 12 de maio o Técnico da oficina de rehabilitación emite informe técnico sobre o cumprimento das esixencias impostas para adquirir a condición de beneficiarios das solicitudes de subvención presentadas segundo os criterios de avaliación establecidos nas bases reguladoras.

Cuarto. En data 19 de maio de 2016 tivo lugar a sesión da Comisión de Valoración establecida nas bases reguladoras da subvención, na que se aproba por unanimidade a proposta de calificación provisional.

Quinto. En data 5 de xullo de 2016 emítese Resolución do alcalde en funcións número 378/2016, aprobando a proposta de calificación provisional e dando traslado á área provincial do IGVS.

Sexto. En data 14 de xullo de 2016 emítese Cualificación provisionais para as actuacións de rehabilitación, por parte da Área Provincial do IGVS.

Sétimo. En data 30 de novembro de 2016 finaliza o prazo para presentar a documentación para a tramitación da cualificación definitiva realizándose as visitas de inspección aos inmobles por parte do Arquitecto da Oficina de Rehabilitación para a comprobación da correcta execución das obras.

Oitavo. Por parte do Técnico da Oficina de Rehabilitación emítense informes favorables das actuacións de rehabilitación con proposta de calificación definitiva de cada unha das actuacións.

Noveno. En data 12 de decembro de 2016 tivo lugar a sesión da Comisión de Valoración establecida nas bases reguladoras da subvención, na que se aproba por unanimidade a proposta de calificación definitiva.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Real Decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Segundo. Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. Orde do 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Cuarto. Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 27 de outubro de 2015, relativo á área de rexeneración e renovación urbana do Casco Urbano Histórico de Padrón (A Coruña). Comunidade Autónoma de Galicia. Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, anualidade 2015.

Quinto. Bases reguladoras aplicables á concesión de subvencións á rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do casco urbano histórico de Padrón con financiamento do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

Polo tanto propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. En vista do exposto nos informes técnicos sobre cumprimento das esixencias para adquirir a calificación definitiva da subvención, as solicitudes presentadas consideranse aptas e obteñen a seguinte proposta de cualificación definitiva recollida no seguinte cadro:

ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN									
Promotor solicitante (BENEFICIARIO FINALISTA)	NIF	Enderezo	Tipo actuacións	Nº Viv	m ² útiles	Orzamento previsto	Importe da obra	Propuesta de Subvención Mº Vª	% Subv sobre orz previsto
Ilduara Agrasar Quintá	-----	Rúa Longa 3	Obras de mantemento	1	161	2.155,00 €	2.130,00 €	745,50 €	34,59%
Celestino Ares Pérez	-----	Rúa Sar 38	Obras de mellora de accesibilidade	1	113	6.515,00 €	6.515,00 €	2.280,25 €	35,00%
Carmen María Correa Casal	-----	Rúa Peregrinos 19	Obras de mantemento	1	94	8.598,20 €	8.598,20 €	3.009,37 €	35,00%
Alberto Rey Castro	-----	Rúa Santiago 45	Obras de mantemento	1	140	2.923,30 €	2.923,30 €	1.023,15 €	35,00%
Comunidade de propietarios "Tras do Pazo"	-----	Corredoira da Barca 10	Obras de mantemento	16	1598	221.388,21 €	267.397,80 €	63.141,73 €	28,52%
SUMAS				20		241.579,71 €	287.564,30 €	70.200,00 €	

Segundo. Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo, aos Servizos Técnicos da Oficina de Rehabilitación e á Intervención Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 12 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

4.- APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLO DE PROFESOR OU PROFESORA DE PIANO PARA A ESCOLA DE MÚSICA, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN E SE PROCEDA Á SÚA CONVOCATORIA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de decembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O servizo da Escola de Música do concello de Padrón está en funcionamento desde o ano 1997.

Segundo. Como consecuencia da realización do último proceso selectivo para a provisión dun profesor de piano para a escola de música, procedemento selectivo 07/2010-SPLT, non quedan posibles candidatas ou candidatos co que poder efectuar posibles nomeamentos laborais de carácter temporal.

Terceiro. Visto o anterior, a Concelleira delegada de cultura ordena a secretaria municipal a redacción dunhas bases que rexerán o procedemento selectivo para proveer un posto de profesor ou profesora de piano para a Escola de Música do Concello de Padrón durante o curso 2016/2017 a través do sistema máis abreviado posible na medida en que as clases deron comezo no mes de outubro de 2016.

Cuarto. O 9 de decembro de 2016 emítase o informe de fiscalización por parte do interventor accidental municipal.

Quinto. O 12 de decembro de 2016 a secretaria municipal asina a modificación da proposta de bases que rexerán o proceso selectivo.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O artigo 20.Dous da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, establece que:

"Durante el año 2016 no se procederá a la contratación de personal temporal, ni al nombramiento de personal estatutario temporal o de funcionarios interinos salvo en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables que se restringirán a los sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos esenciales."

É dicir, para poder acudir á contratación de persoal temporal será preciso que se den os seguintes tres requisitos acumuladamente e que así queden acreditados no expediente que se tramite ao efecto:

- a) Debe ser un caso excepcional.
- b) Debe responder a necesidades urxentes e inadiabables.
- c) Debe producirse en sectores, funcións e categorías que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Segundo. Tendo en conta que a Escola de Música é un servizo que este Concello ven prestando con continuidade desde 1997, que o servizo está subvencionado parcialmente pola Deputación Provincial da Coruña, que o curso escolar 2016/2017 xa está en marcha e que hai persoas usuarias matriculadas en saxofón que xa abonaron a taxa correspondente, enténdese que se están a cumprir os dous primeiros requisitos posto que:

- a) Trátase dun caso excepcional dado que se produce exclusivamente para o curso escolar 2016/2017 como consecuencia de non existir na bolsa de emprego posibles candidatas ou candidatos.
- b) Responden a necesidades urxentes e inadiabables dado que a Escola de Música xa está en funcionamento e hai persoas usuarias matriculadas na especialidade de piano e que polo tanto xa teñen abonado a taxa correspondente.

En canto ao terceiro requisito, será o órgano competente en materia de persoal o que determine que sector ou sectores deben entenderse prioritarios para Padrón.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Terceiro. Considerando que a propia Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 66.2 establece que *"Para el logro de la finalidad propuesta (a educación dos adultos), las Administraciones educativas podrán colaborar con otras Administraciones públicas con competencias en la formación de adultos y, en especial, con la Administración laboral, así como con las corporaciones locales y los diversos agentes sociales"*.

Cuarto. Considerando que o artigo 3.3.a) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, precisa que non se entenderá como exercizo de novas competencias *"a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos"*.

Quinto. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.g. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, delegadas na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Declarar a Escola de Música un sector prioritario tendo en conta que se trata dun servizo que se presta de forma continuada desde 1997.

Segundo. Aprobar as bases que rexerán o procedemento de selección número 13/2016-SPLT, mediante o sistema de concurso-oposición, para a provisión dun posto de traballo de profesor ou profesora de piano para a Escola de Música de Padrón para o curso 2016/2017, segundo a proposta da secretaria municipal do 21 de outubro de 2016 e posterior modificación do 12 de decembro.

Terceiro. Convocar o procedemento selectivo para a provisión do devandito posto, o que se fará público mediante a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e desta máis o texto íntegro das bases na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Cuarto. Dar traslado do presente acordo e do texto íntegro das bases ao Comité de Empresa deste Concello aos efectos do establecido no artigo 71.4 do Convenio colectivo e acordo regulador do persoal ao servizo do Concello de Padrón, así como á intervención municipal.

Quinto. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes contado desde o día de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 12 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS E ACTOS DE USO DO SOLO E SUBSOLO NON SOMETIDOS A LICENZA MUNICIPAL DE SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E REVESTIMIENTO DE FACHADA DE EDIFICACIÓN AUXILIAR EXISTENTE SITA NO LUGAR DE A MATANZA S/N, FORMULADA POR DONA MARÍA DOLORES MARIÑO GONZÁLEZ. EXPTE. 179/2016/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de decembro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 14 de outubro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8715, formulario

de comunicación previa de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de substitución de cuberta e revestimento de fachada de edificación auxiliar sita no lugar de A Matanza s/n, con referencia catastral 8719725NH2381N0001YA, formulada por D^a. María Dolores Mariño González. Achégase coa comunicación previa "proyecto de substitución de cubrición y revestimiento de fachada de edificación auxiliar" redactado e asinado polo arquitecto técnico D. Enrique Perol Rama.

Segundo. En data 21 de outubro de 2016 remítese requirimento á interesada de documentación adicional necesaria para a tramitación da solicitude.

Terceiro. En data 28 de novembro de 2016 a interesada achega formulario de comunicación previa co modelo establecido polo servizo de urbanismo municipal e fotografías da edificación obxecto de actuación.

Cuarto. En data 9 de decembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Quinto. En data 12 de decembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de substitución de cuberta e revestimento de fachada de edificación auxiliar sita no lugar de A Matanza s/n, con referencia catastral 8719725NH2381N0001YA. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

establecido para as comunicacións previas.

Cuarto. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma no proxecto técnico achegado.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Vista a conformidade municipal, non resulta necesaria a aportación doutras autorizacións sectoriais.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Quinto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores,

estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Sexto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas., que determina:

“a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houber lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación”

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sétimo. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Oitavo. Conforme se especifica no informe técnico municipal, os traballos implican actuacións con risco de exposición ao amianto, polo que en virtude da normativa de aplicación, o Real Decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, deberá apercibirse ao interesado de que o responsable da empresa contratista das obras ven obrigado á elaboración dun plan de traballo e de que este se aplique posteriormente con fidelidade, así coma a presentación deste plan de traballo perante a autoridade laboral correspondente ao lugar de traballo para a súa aprobación.

Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 14 de outubro de 2016, asinada por D^a. MARÍA DOLORES MARIÑO GONZÁLEZ para obras de substitución de cuberta e revestimento de fachada de edificación auxiliar sita no lugar de A Matanza s/n, con referencia catastral 8719725NH2381N0001YA, expediente 179/2016/CP conforme o “proyecto de substitución de cubrición y revestimiento de fachada de edificación auxiliar” redactado e asinado polo arquitecto técnico D. Enrique Perol Rama obrante no expediente.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercíbese ao declarante:

Dado que os traballos implican actuacións con risco de exposición ao amianto, en virtude da normativa de aplicación, o Real Decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, o responsable da empresa contratista das obras ven obrigado á elaboración dun plan de traballo e de que este se aplique posteriormente con fidelidade, así coma a presentación deste plan de traballo perante a autoridade laboral correspondente ao lugar de traballo para a súa aprobación.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Cuarto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Quinto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de

que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 12 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

6.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL PARA ACONDICIONAMENTO DE CUBERTA DE VIVENDA SITA NO LUGAR DE VIGO, ESCRAVITUDE, FORMULADA POR DONA CARMEN LEIS RÍOS. EXPTE. 142/2016/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de decembro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 16 de agosto de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7185, formulario de comunicación previa de obras e usos do solo e subsolo non sometidos a licenza municipal para obras de acondicionamento de cuberta de vivenda sita no lugar de Vigo, Escravitude, formulada por D^a Carmen Leis Ríos.

Segundo. En data 24 de agosto de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa desfavorablemente a comunicación previa presentada, por se tratar de obras que precisan de proxecto técnico redactado por técnico competente, excluídas polo tanto do procedemento de comunicación previa e sometidos a licenza municipal.

Terceiro. En data 29 de agosto de 2016 remítese requirimento á interesada do exposto no informe técnico municipal.

Cuarto. En data 5 de outubro de 2016 a solicitante achega formulario de comunicación previa de obras acompañando proxecto técnico redactado e asinado polo arquitecto técnico D. José Rey Rodríguez, con rexistro de entrada 8498.

Quinto. En data 10 de outubro de 2016 achégase oficio de dirección de obra.

Sexto. En data 13 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa desfavorablemente as obras solicitadas requirindo documentación adicional para a tramitación da solicitude.

Sétimo. En data 14 de outubro de 2016 remítese requirimento á interesada do exposto no informe técnico municipal.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Oitavo. En data 2 de decembro de 2016 o técnico redactor do proxecto presenta escrito de alegacións ao requirimento municipal.

Noveno. En data 12 de decembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

Décimo. En data 12 de decembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. En base ao disposto no informe do arquitecto técnico municipal e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo ambos de data 12 de decembro de 2016, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 84.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do segundo dos informes mencionados, tal e coma segue:

Primeiro. De acordo co disposto no artigo 142.2 apartado a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, están sometidos ao réxime de licenza municipal previa os actos de edificación e uso do solo e subsolo que consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

A intervención da que se trata neste caso consiste, segundo os informes técnicos municipais, na rehabilitación da cuberta dunha vivenda intervindo tanto nos elementos de cubrición coma na estrutura portante da mesma, polo que a intervención ten un marcado carácter estrutural que implica a necesaria participación dun técnico competente, polo que é necesaria a aportación dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente.

No presente caso o interesado achega proxecto técnico redactado e asinado polo arquitecto técnico D. José Rey Rodríguez, con rexistro de entrada 8498, así coma oficio de dirección de obras.

Visto o informe técnico favorable entendemos que o proxecto documenta de forma axeitada a intervención e cumpre co contido necesario de aplicación. En todo caso, en virtude do disposto polo artigo 143.3 da Lei do Solo de Galicia, unha vez presentado perante o Concello o proxecto técnico adquire a condición de documento público, e da súa veracidade e exactitude responde o seu autor a tódolos efectos.

O proxecto técnico eríxese polo tanto no marco ao que se deberán cingir as obras a realizar, que se deberán axustar ao mesmo en tódolos extremos, xustificando cumpridamente calquera alteración do mesmo por necesidades sobrevenidas no proceso construtivo, xustificación que se realizará na documentación de fin de obra.

Segundo. *O solo onde se proxectan as obras, segundo o informe técnico municipal e coma consta así mesmo no proxecto presentado, está cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Padrón coma solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (NN), que conforme o réxime transitorio establecido pola lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á LOUG, se lle aplica o disposto no planeamento respectivo.*

Polo tanto, resulta aplicable o disposto pola ordenanza municipal, que neste senso ampara construcións e instalacións de servizo para o uso residencial e outros usos compatibles. Polo tanto non existen impedimentos derivados do disposto polo PXOM do Concello para a intervención solicitada. Visto o informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste senso, a intervención proxectada cumpre coas condicións de edificación e cos usos admisibles conforme a normativa aplicable.

Terceiro. *Non son necesarias autorizacións sectoriais para a intervención solicitada.*

Sexto. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D^a. Carmen Leis Ríos licenza municipal de obras para acondicionamento de cuberta de vivenda sita no lugar de Vigo, Escravitude, con referencia catastral 15066D506015240001EW, expediente 142/2016/LU, conforme o proxecto técnico redactado e asinado polo arquitecto técnico D. José Rey Rodríguez, con rexistro de entrada 8498.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En cumprimento do establecido 17.1. do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG) fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo non urbanizable de núcleo rural de poboación (NN)
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Acondicionamento de cuberta de vivenda.
- c) Altura: 6,30 metros (máxima autorizable 7,00 metros)
- d) Volumes: non procede. (edificación consolidada, non se produce aumento de volume)
- e) Contía na que se orzan as obras: 4.820,43 euros. (sen IVE)
- f) Situación e emprazamento das obras: Lugar de Vigo 111, Escravitude, con referencia catastral 15066D506015240001EW
- g) Nome ou razón social do promotor: Carmen Leis Ríos.
- h) Técnico autor do proxecto: D. José Rey Rodríguez, arquitecto técnico.
- i) Técnico director das obras: D. José Rey Rodríguez, arquitecto técnico.
- j) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza para o proxecto de execución, e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras. Ós efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 145 da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 12 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE DE TALLER DE CORTE DE PEDRA SITO NA PARCELA 65 DO POLÍGONO DE PAZOS DE SUBMINISTROS OROSA S.L A PADRONOR S.L. EXPEDIENTE 59/2016/CTA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de decembro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 28 de novembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9846, comunicación previa de cambio na actividade de ALMACÉN E TALLER DE CORTE DE PEDRA, que se leva a cabo na nave sita na parcela 65 do Polígono de Pazos, asinada por D. Oscar Orosa Miguel en calidade de representante da mercantil PADRONOR S.L., nova titular da actividade, que na actualidade figura baixo a titularidade de SUMINISTROS OROSA S.L. Achégase coa solicitude formulario de comunicación previa de cambio na actividade, copia de estatutos de PADRONOR S.L. a efectos de acreditar o poder de representación, alta no IAE da mercantil titular da actividade e copia do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón de 17 de novembro de 2016 outorgando licenza definitiva para a actividade.

Segundo. En data 12 de decembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Artigo 13 do regulamento das corporacións locais en canto á transmisibilidade da licenza.

Segundo. Artigo 24.3 da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en canto ao sometemento do troco de titularidade das actividades e establecementos ao réxime de comunicación previa e a suxeción ao réxime establecido polo artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Terceiro. Artigo 20 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, do Consello da Xunta de Galicia, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, en canto á documentación a achegar e os efectos do troco de titularidade comunicado.

Cuarto. En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 12 de decembro de 2016, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 84.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Quinto. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras e actividade tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, e polo tanto resultando tamén ser o órgano competente para tomar coñecemento e outorgar o troco de titularidade solicitado,

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza municipal de apertura dun establecemento adicado a ALMACÉN E TALLER DE CORTE DE PEDRA sito na parcela nº 65 do polígono empresarial de Pazos, outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón de 17 de novembro de 2016, pasando á titularidade de PADRONOR S.L., expediente 59/2016/CTA.

Segundo. O novo titular da licenza se atopa sometido durante o exercicio da actividade ao mantemento das condicións obxectivas e requisitos normativos para a mesma.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Cumpliméntese e expídase polos servizos administrativos do Concello a correspondente cartulina acreditativa da licenza a nome da beneficiaria da transmisión.

Quinto. Dar traslado do acordo adoptado ao servizos municipais de Urbanismo, así como dar traslado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Sexto. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano delegante, isto é, o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 12 de decembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

8.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS E ACTOS DE SOLO E SUBSOLO NON SOMETIDOS A LICENZA MUNICIPAL DE ACONDICIONAMENTO DE CUBERTA DE INMOBLE SITO NO LUGAR DE EXTRAMUNDI DE ARRIBA Nº 209, FORMULADA POR DONA ÁNGELES BLANCO OTERO. EXPTE. 193/2016/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de decembro de 2016:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 21 de novembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9661, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de acondicionamento de cuberta de inmovible sito no lugar de Extramundi nº 209, formulada por Dª Ángeles Blanco Otero. Achégase coa comunicación previa fotografías, orzamento e datos catastrais.

Segundo. En data 9 de decembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Terceiro. En data 9 de decembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de acondicionamento de cuberta de inmovible sito no lugar de Extramundi nº 209, con referencia catastral 7329212NH2372N0001LQ. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Cuarto. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal. Levantamento da totalidade das tellas de toda a superficie da cuberta, procedendo á limpeza das mesmas e posterior tratamento antifungos etc... colocación da mesma tella con ganchos de aceiro inox e espuma de poliuretano, repoñendo tamén as tellas rotas e deterioradas (196,80 metros cadrados) e reparación de cheminea (reforzo) en edificación existente.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de

autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resgardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI), conforme o PXOM do Concello de padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo de URBANO CONSOLIDADO segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Quinto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Sexto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas., que determina:

“a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houber lugar.

Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un periodo de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación"

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sétimo. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Oitavo. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 21 de novembro de 2016, asinada por D^a. ÁNGELES BLANCO OTERO para obras de acondicionamento de cuberta de inmoble sito no lugar de Extramundi nº 209, con referencia catastral 7329212NH2372N0001LQ, expediente 193/2016/CP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. Apercíbese ao declarante:

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma

